

CARAMUXO TEATRO


Crisálida



CARAMUXO  TEATRO

 XUNTA DE GALICIA

AGADIC  Agencia Galega das Industrias Culturais

 Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE  inaem INSTRUMENTO NACIONAL DE AYUDA ECONOMICA A LA MUSICA

 TEATRO COLÓN

 Deputación DA CORUÑA

Concello de  Oleiros

ARTES ESCÉNICAS PARA LA INFANCIA Y LA JUVENTUD  teveo

 Escena Galega

 assitej españa

La Crisálida

A COMPAÑÍA

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar, creada na Coruña no 2003, dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Traballa ademais, nunha liña específica de creación de propostas para primeira infancia. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade co público ao que van dirixidos. Dende os seus inicios mistura diferentes técnicas, teatro de actor, teatro de obxectos, monicreques, danza... A liña de traballo parte de textos elaborados a partir da experiencia obtida no terreo educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consiga a fidelización dun público crítico.

En 2023 celebramos os 20 anos da compañía, e queremos celebrar co noso espectáculo máis ambicioso ata o momento, "Crisálida" unha proposta de gran formato sobre un dos comercios tradicionais máis queridos da nosa cidade.



Nestes 20 anos de traxectoria os nosos espectáculos percorreron gran parte da xeografía nacional: Barcelona, Madrid, Salamanca, Sevilla, Valladolid, Gijón, Santander, Zaragoza, Valencia, Zamora, Toledo, Cádiz, Burgos, Vitoria, Bilbao, Cuenca... En festivais dos máis prestixiosos para público familiar: MIT, MOTI, Galicreques, Bebescena, Títeres de Redondela, Fetén, Madferia, Te Veo, Calderón en pañales, Meeting Baby, Rompiendo el carcarón, Festival Internacional del Vall D'Albaida... Consequindo o María Casares a Mellor Espectáculo Infantil con "Feo" e sendas nomeamentos con "Pavillón Lino" e "As fabas máxicas"; Mención especial do Xurado no Festival Internacional de Vall D'Albaida polo espectáculo "Zapatos"; Espectáculos Recomendados pola Red Nacional de Teatros: "Na Casa" e "Zapatos" e Espectáculo Mellor Valorado polo Público de VigoCultura por "Redondo".

A HISTORIA DA CRISÁLIDA

“Crisálida” é o espectáculo número 25 da compañía, co que cumprimos 20 anos de traxectoria. Unha historia que leva varios anos na nosa cabeza e coa que queremos facer a nosa pequena homenaxe a esas persoas que crean comunidade, que fan que as nosas cidades teñan vida e sexan ricas en historias.

Os irmáns Seoane (Nieves e Fernando) correteaban alá polo 1942 pola mercería A Crisálida, recentemente traspasada a súa nai. A mercería xa era, por aquel entón, unha das máis destacadas do comercio coruñés. Nela destacaban os seus escaparates, abarrotados de medias, mantillas ou mantóns. Pasados os anos, os Seoane tomaron o relevo da mercería e convertéronse rapidamente nun dos máis queridos entre a clientela da céntrica rúa de San Andrés. Os irmáns parecían saídos dunha película de Jean Pierre Jeunet. Cando pedías un botón, unha cremalleira ou un par de calcetíns, desaparecían na trastenda; ao rato, aparecían cunha torre de caixas amarradas por unhas longas gomas elásticas, e cun ritmo de outro tempo, dispoñíanse a ofrecer a súa ampla variedade de material. Ir á Crisálida significaba entrar noutra realidade, era «unha mercería con atmosfera de museo ou gabinete de curiosidades», como a definiu Luis Pousa no seu relicario de rúas de Atlantic City.

No 2016, por obras de rehabilitación do edificio onde se situaba o comercio, A Crisálida tivo que trasladarse a un próximo baixo da mesma rúa.



Así contaban os xornais a nova do traslado dos irmáns Seoane ao novo local da Crisálida:

La Opinión

A Coruña


A Crisálida, un traslado temporal

Os irmáns Nieves e Fernando Seoane múdanse do número 42 de San Andrés ao 54 por obras, aínda que agardan regresar ao seu local cando remate a rehabilitación do edificio.

A Fernando Seoane os seus "compañeiros de estudos" chamábano Antonio, polo seu avó. "Fui Fernando hasta los diez años, después Antonio, hasta que pude corregirlo", di entre risas, coa vista cravada no mostrador, o pelo branco caéndolle sobre as orellas, os dedos xogando con un bolígrafo e rodeado de papeis de envolver co nome La Crisálida, a mercería que se viu obrigada a emigrar hai uns meses, polas obras que van acometer no edificio no que tivo a súa sede durante máis de vinte anos, no número 42 de San Andrés.

Fernando e a súa irmá Nieves fixeron a mudanza nuns carriños con rodas, meténdoo todo en caixas atadas con cordel que, semanas e semanas despois, aínda non conseguiron desfacer. Dende entón, hai un cartaz no número 54 de San Andrés que anuncia a súa chegada: "Xa estamos aquí", di, aínda que moitas veces, hai que lelo a través dos buracos do enreixado branco de seguridade.





"Abrimos tódolos días, mais co horario non somos moi estrictos", explica Fernando Seoane, ao que non lle importa ter a por porta aberta do negocio ás tres da tarde e pechada ás cinco. Fala sen presa, cun ollo posto na porta por se a algún cliente se lle ocorre entrar. "En ocasións, ao pechar, quedamos colocando cousas ata a unha ou as dúas da madrugada. Algunha vez cólleenos aquí o repartidor do xornal, así que, ao día seguinte, non imos abrir ás dez, vimos ás once ou así, porque levantámonos molidos", comenta.

Fala de el e da súa irmá Nieves, que pasaron a vida na mercería. Ambos son solteiros e sen fillos, así que creen que A Crisálida pódese acabar con eles, ao non ser que "algunha filla de algunha sobriña" anímese a dar o paso de poñerse tras o mostrador ou ben que alguén, como xa o fixera a súa nai en 1942, atrévase a collerlles o traspaso da tenda e a darlle unha nova oportunidade.



De xubilación non quere nin falar e saber a súa idade é case imposible. "Estamos en el cuarto reemplazo" ou "ya somos los que quedamos de la familia", di Fernando cando se lle pregunta directamente e apenas hai maneira de ligar as datas que relata sen ningún esforzo cos anos que atesoura a súa memoria. Iso si, lembra que en 1942, "en plena Guerra Mundial", cando el xa "era pequeno", un día de verán, estando en O Barqueiro, ensombreceu o sol. "Era un avión que iba a atacar a un petrolero alemán que estaba cerca de Ortegá", rememora, como quen le un libro de historia escrito no seu pasado. Nese relato, co que se pode revivir a evolución da cidade no século XX e principios do XXI, hai unha páxina en branco. "Un día de verano, acababa de llegar de O Barqueiro, ya estaba la tienda abierta y justo explotó el polvorín. Con tantos años y nunca fui a verlo", sorrí, sabendo que, en realidade, non revelou a súa idade, aínda que esa explosión estea documentada como ocorrida o 21 de marzo de 1942.

Foi tamén en 1942 cando Pepa, a nai de Fernando e Nieves -e de outros seis fillos máis, inda que unha nena morreu aos poucos meses de nacer- colleu o traspaso da mercería A Crisálida, que para entón estaba no número 120 de San Andrés "frente al edificio de la Telefónica, en el actual 102", coa idea de darlle un emprego ás súas dúas fillas maiores e a dúas das súas sobriñas e de trasladar a toda a familia de Porto do Barqueiro, "a seis quilómetros por terra de Estaca de Bares" Á Coruña. Para entón, eran dez, o avó, que finalmente decidiu quedar no pobo, sete pequenos, un marido embarcado que lle tivo que asinar un poder en Cádiz para que puidese exercer a actividade comercial, e ela.

Di Fernando que A Crisálida posiblemente déballe o nome a un viaxante de fíos de seda natural, que sabendo que había unha mercería chamada "La Mariposa", optou por bautizar ao negocio nacente cun nome similar que forma parte xa do imaxinario da cidade.



Co paso dos anos, a familia Seoane mudouse con todo o material ao número 130, para entón, xa non só había medias de la, xa chegaran as de algodón e seda natural e, máis tarde, conviviron con outras de nailon e poliéster. Fai uns vinte anos foron ao número 42, do que agora tiveron que saír, mais ao que pensan aínda volver.

"Hay que vaciar las estanterías", comenta cun sorriso nos beizos e sinala todo o capital que lle rodea no seu actual baixo alugado. Di que a rúa cambiou moito, mais que tamén o fixo o mundo, así que, o seu sector non foi alleo ao devir da vida moderna. "Cuando empezamos estábamos en plena Guerra Mundial, había escasez de muchas cosas, vendíamos lo estricto de la mercería, agujas, hilos y algo más, bisutería, algún bolso de señora para ir a la plaza...", explica Fernando Seoane, que viu pasar pola súa tenda a xeracións enteiras e viu palidecer a actividade comercial da rúa San Andrés, que chegou a ter máis de 16 negocios de teas abertos á vez. "El sector de la mercería está cambiando, ahora la ropa se compra ya hecha, ya no se va al sastre ni a la costurera y eso también afecta", comenta, mais aínda así, cree que o negocio ten futuro. "Ahora hay 22 gruesos de hilo para hacer las medias de señora", sorpréndese Seoane, rodeado de mercadería por colocar.

Non poñen data para a volta ao número 42, porque ao edificio teñen que poñerlle "una boina y una gabardina nuevas", mais agardan que sexa canto antes, para que no seu escaparate luzan, de novo, os mantóns e os calcetíns de cores.



Un ano máis tarde, no 2017, morría Nieves Seoane, e deixaba a Crisálida máis triste.

Todo parecía indicar que, tras a morte de Nieves, A Crisálida comezaría un ocase que desembocaría no seu peche, tal e como pasou con multitude de comercios históricos da cidade, que foron pechando, deixando tras si miles de historias, vivencias e lembranzas.

Mais a Crisálida, hoxe segue aberta.

En 2019, un mozo Ramón Santos toma o relevo e o traspaso deste histórico comercio.

Así contaban os medios a nova:

La Voz de Galicia

A nova vida da Crisálida

O emprendedor Ramón Santos toma as rendas do mítico negocio da rúa San Andrés, fundado en 1942.

«Vine a comprar unos hilos y me quedé con la mercería», comenta Ramón Santos.

Fernando Seoane, o lexendario propietario do negocio, abriulle as portas do establecemento que levaba pechado dende hai ano e pico, cando morreu a súa irmá Nieves. «Me enseñó el almacén, que tenía muy bien organizado a pesar de la cantidad de referencias. Me sentí como si entrase en la cueva de Alí Baba. Le hablé de la posibilidad de alquilarlo y de mantener el sabor de la mercería tradicional, con los mismos productos e idéntica línea de precios», destaca Ramón. Fernando deuse conta de que a única forma de dar continuidade á historia comercial da Crisálida era confiar no entusiasmado emprendedor. Finalmente estreitaron as súas mans e coseron o acordo. Iso si, unha das condicións que puxo foi poder ir polo negocio cando quixese. «Es que es su vida», apunta un familiar. A orixe da Crisálida remóntase a 1942, cando Josefa Castaño abriu o establecemento no número 120 de San Andrés co obxectivo de que fose o sustento das súas fillas, Carmen e Nieves. Máis adiante sumouse Fernando, que estudou Dereito en Santiago mais que facía falla detrás do mostrador porque «se trabajaba un montón». A tenda pasou máis adiante por outros baixos da rúa, o do 42 e o do 54, mais sen perder a esencia. «Estamos encantados de que no se pierda una mercería de más de 75 años de historia», comentan os anteriores propietarios. O novo responsable di que, ademais de manter a mesma liña, vai a impartir formación, como xa fai no seu Taller de Elaboración Téxtil na rúa Pintor Villar Chao. «Labores, costuras, bordados... Pero con el nombre de La Crisálida», asegura.



Hoxe, A Crisálida segue sendo unha das mercerías máis queridas da cidade, mantendo os antigos clientes e cunha clientela renovada que acude á multitude de talleres que ofrece Ramón.



EQUIPO ARTÍSTICO

DIRECCIÓN

OLGA MARGALLO

Olga Margallo é unha recoñecida directora madrileña, da que saíron algúns dos máis exitosos espectáculos para público infantil como “Qué es la vida”, “Romeo y Julieta”, “Clown Quijote de La Mancha” ou “El otro Gran Teatro del Mundo”. Licenciada en Arte Dramática nas especialidades de Dirección Escénica e de Interpretación na ESAD e formada na escola de Uta Hagen en New York. Olga recibiu multitude de premios á dirección, entre os que destacan: Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes coa súa compañía Uroc Teatro, Premio Goya como directora da curtametraxe “El teatro prohibido”, Premio Max ao Mellor espectáculo de teatro familiar “Qué es la vida”, Premio Fetén á Mellor dirección por “Clown Quijote de la Mancha” e Premio Max á Mellor dirección por “Qué es la vida”.

Olga Margallo traballou anteriormente con Caramuxo teatro Na dirección de “Mensaxe sen botella”, un dos espectáculos que relanzou a compañía e mellor valorados polo público.





ELENCO

LAURA SARASOLA PONTÓN

Actriz e socia de Caramuxo teatro. Participou coa compañía en máis de 15 espectáculos entre os que destacan “A nena que vivía nunha caixa de mistos”, “Na Casa”, “Ñam”, “Ela”, “Zapatos” ou “Mensaxe sen botella”...

Formouse na escola Guindalera de Madrid da man de Juan Pastor, e cos mestres Lino Braxe, Manuel Lourenzo, Flor Maceiras, Borja Macías ou Jhon O’Brien. Ademais traballou para compañías como Teatro Proscito, La Fura dels Baus, Títeres Cachirulo ou Teatro Maltés.

JOSITO PORTO

Actor, cantante e músico. Ten estudiado Commedia de’lArte e Bufón con Fabio Mangolini. Participou en espectáculos de compañías como Sarabela teatro, Ibuprofeno, Malbarate, C.D.G., Teatro do Adro, Librescena, Teatro do Noroeste, Lagarta Lagarta, Emez ou Excéntricas.

Premio María Casares a mellor actor por “Sexismunda” e por “Nano”





JUAN RODRÍGUEZ

Actor e socio fundador de Caramuxo teatro, con quen ten realizado máis de 20 espectáculos, entre os que destacan “Feo” (Premio María Casares a Mellor Espectáculo Infantil), “As fabas máxicas”, “Redondo”, “Na Casa” ou “Glub, Glub”.

Técnico de Educación Infantil, formouse con mestres como Franco Passatore, Lino Braxe, Flor Maceiras, Manolo Lourenzo, Federico Martín Nebras ou El Chon Chon. Ten participado en espectáculos das compañías R.T.A., Títeres Cachirulo, Pedras de cartón, Teatro de la Comedia, Teatro Proscrito ou Danthea Teatro.



ANAHÍ TARABURELLI

Actriz e creadora multidisciplinar. Ten estudado con Andrés Lima, Carolina Pizarro, Marta Pazos, Tito Asorey, Flor Maceiras, Ana Carril, Karolina Spaic ou Sebo Bakker.

Traballou para compañías como Elahood, Galeato, Cirkompacto, Cirque du Soleil, Tirabeque ka’avo, Pedras de Cartón, Entremáns ou Danthea teatro.



VESTIARIO

DIEGO VALEIRAS

Premio María Casares a MELLOR VESTIARIO por Dreaming Juliet de Elefante Elegante.

Participou facendo o vestiario ou a escenografía para compañías como o C.D.G., Caramuxo teatro, Elefante Elegante, Malasombra producións, Redrum Teatro, Traspediante, Pedras de cartón, Talía Teatro, Galeato, Condetrespés...





Con Caramuxo teatro participou nas últimas montaxes da compañía: “Catro” e “A nena que vivía nunha caixa de mistos”.



En “Crisálida”, os catro actores representarán 12 personaxes, o que fará necesario que o vestiario estea pensado para realizar cambios rápidos (falsos botóns, belcro, cordóns de goma no calzado...)

A continuación presentamos algúns dos primeiros bocexos dos personaxes principais (Os irmáns Seoane e Ramón) e algunha clienta.





MONICREQUES

IKER PÉREZ

Iker é un titiriteiro andaluz, fundador da compañía para primeira infancia Arena en los Bolsillos. Con esta compañía estreou exitosos espectáculos como “Afuera es un lugar” ou “Pequeña Max”. Ten realizado monicreques para compañías como Panta Rhei, La Rous, Centro Andaluz de Teatro ou La Sal. Traballou anteriormente con Caramuxo realizando os monicreques de “A nena que vivía caixa de mistos”.


Para o espectáculo realizará un monicreque dun cana tamaño real.

Será un can vagabundo, medio espeluxado.

Como podemos ver no deseño, manéxase cunha variña coa que manexas o corpo e un gatillo para abrir a boca.

Ten unha cola flexible e flexibilidade no movemento, tanto no corpo central como nas patas.

Está realizado con madeira contrachapada de 5 mm e gomaescuma, e forrado con tea tinxida.



BANDA SONORA ORIXINAL

TITO BARBEITO

Tito ten realizado bandas sonoras para Caramuxo teatro, Estudio Momento, Artestudio ou Trinke Trike.



MÁSCARAS

ANTÍA FERRER

Antía é unha creadora plástica da Coruña que ten traballado para compañías como Pedras de Cartón (Lázaro de Tormes e Quixote), Caramuxo teatro (Pavillón Lino, Redondo, Ela), Elefante Elegante (Alma de Tigre), Pérez & Fernández (Agurtrat)...

- Para este espectáculo realizou un total de 12 máscaras.



Algúns personaxes que aparecerán no espectáculo ademais dos irmáns Seoane e Ramón:

Señora con pouca paciencia, varredor, carteira, xastre, señora que non sabe o que quere, neno traste...




Máscaras dos irmáns Seoane realizadas para Tras O Cristal. Unha vez realizada a acción, as máscaras sufrirán algúns axustes que fomos vendo para melloralas e que se imprentarán no resto das máscaras: A máscara de Nieves debe mellorar a parte dos ollos (pechar un pouco) e aínda que Nieves era de tez moi clara, darlle un pouco de cor á máscara, xa que co pelo tan branco perde un pouco de vida.




ESCENOGRAFÍA

DIEGO VALEIRAS

Primeiros bocexos de Diego Valeiras:



Estes deseños poderían achegarse máis á fase da Crisálida actual, a que rexenta Ramón.



Obxetivos que perseguimos coa escenografía:

- Recursos para cambiar as escenas de interior e exterior á vista do público. Nun primeiro momento pensamos nun sistema de carrís polos que se movan cara adiante ou cara atrás o mostrador e paredes traseiras da mercería. De modo que cando están as reixas da fachada pechadas estamos no exterior e cando se abren as reixas toda a escenografía interior sae cara adiante, mudan algúns paneis laterais e xa temos a mercería vista dende dentro.
- Atopar os matices e texturas máis acidos para dar aparencia de vello e evolucionar cara as escenas finais nas que Ramón abre a nova mercería.
- Traballar con materiais lixeiros (aluminio, chapa, teas...) para facer máis manexable a escenografía e asumir así un menor custo en cargas e descargas.
- Buscar a adaptabilidade da escenografía para poder facela grande en teatros e máis pequena en Casas da Cultura.



Escenografías ou detalles que nos van servir como inspiración a nivel estético:



DESEÑO DE ILUMINACIÓN E TÉCNICA

SUSO JALDA

Suso Jalda leva traballando máis de 10 anos con Caramuxo teatro, deseñando a iluminación para espectáculos como “Mensaxe sen botella”, “Ela”, “Feo” ou “As fabas máxicas”. Hai uns anos montou unha nova compañía con Iria Pinheiro, A compañía Eléctrica, coa que ten deseñado a iluminación para “Aibó” ou “Anatomía dunha serea” (coproducido xunto a Chévere). Tamén realizou o deseño de iluminación para compañías como Pedras de cartón en “Lazaro de Tormes” e é o técnico en xira de “Quixote”.





*Proposta previa de iluminación base, sobre a que se irá traballando nos meses de xaneiro a marzo de 2023.

Caramuxo Teatro - Crisálida

Material iluminación

- PC 1000 W (22)
- Par led RGBW (8)
- Recorte 25/50 750 W (5)
- Peanas (4)






Breve estrutura da historia:

- Introducción dos personaxes de Nieves e Fernando chegando unha nova mañá á mercería. Mentres van abrindo a reixa da tenda van aparecendo novos personaxes, o can abandonado, ao que lle sacan unha cunca con comida, o varredor, unha clienta...
- A escenografía muda e vemos o interior da Crisálida, comeza un día e van chegando os clientes/as. Imos presentando os personaxes caricaturizados, unha señora moi estirada e con pouca paciencia, un mendigo, o carteiro, un xastre.... Imos entrelazando escena de interior e exterior onde cada personaxe vai tomando peso e desenrolamos pequenas historias cómicas (Por exemplo: Mentres unha clienta agarda diante do mostrador, imos ver o que acontece na trastenda comicamente).
- Aparición de Ramón como cliente.
- Continuación de historias entre personaxes, clientes, dinámicas do día a día, relación entre o can e os irmáns Seoane e o can e algunha clienta...
- Baixada de clientes. Nieves sae á rúa e ve pasar a algunha clienta, que ao cruzarse con ela agocha a caixa de cartón (cun logo que emula o de Amazon ao revés) e apura o camiñar.
- Morte de Nieves.
- Fernando decide pechar a mercería e Ramón un día atopa a tenda pechada.
- Ramón decide coller o traspaso.

- A nova Crisálida renace como mercería moderna, mais sen perder o aire clásico que a caracterizaba. Agora, Fernando é un cliente máis.



Fernando vive a súa xubilación unha cétrica residencia, na Cidade Vella. Hai días nos que, no seu paseo diario, pasa pola Crisálida, a que sigue sendo a súa casa, a mercar un par de calcetíns La Japonesa, unha histórica firma de Mataró que fai pezas 100 % algodón e que segue producindo de forma local e con valores de calidade. Quen os proba xa non usa outros, di Fernando.



Crisálida vai ser o espectáculo máis ambicioso da compañía ata o momento. Queremos aproveitar o impulso que pode dar cumprir 20 anos de traxectoria para producir algo máis grande e que poda ter unha proxección nacional, nun momento no que a compañía está saíndo cada vez máis fora de Galicia.

Caramuxo teatro é socia de Escena Galega, Assitej, e en breve formará parte de Te Veo, no constante interese da compañía de tecer pontes no traballo de dignificar o teatro para a infancia e a xuventude.

A TEMÁTICA

Crisálida é un espectáculo que quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. A importancia da existencia de eses espazos que serven de pegamento entre os veciños. Quen non lembra a tenda do señor Mauricio, onde a nosa avoa mercaba tódolos días algunha larpeirada á saída da escola, o bar de Antonia, no que podías quedar facendo os deberes mentres chegaban os teus pais, o quiosco de Pepe, onde mercar eses sobres sorpresa ou o último cómic de 13 Rue del Percebe...



Calle San Andrés de noite en la década de 1960. Fuente: FECA-NEÓN, archivo fotográfico de la empresa de rotulación coruñesa.

Houbo un momento no que as rúas eran espazos cheos de vida, como eses grandes zocos que nos asombran de Marrakech.

Na Coruña, a Rúa Real, San Andrés, Rego de Auga; eran espazos cheos de vida, onde quedaba a xente antes de ver unha película no cinema Avenida ou no París.

A rúa de San Andrés chegou a ter 16 tendas de teas, e os ultramarinos dos cantóns, como Aniceto, deixaban marabillados aos paseantes.

A Coruña era unha cidade cunha gran puxanza comercial, que se viu amplificada nos anos 60 grazas á emigración do rural á cidade, con familias chegadas, moitas delas das provincias de Lugo ou Ourense, o nacemento de novos barrios e a aparición de novas rúas comerciais como a da Rúa Barcelona no barrio da Agra.



O comercio tradicional queda na memoria das xentes que viven na cidade. É por iso polo que dende Caramuxo teatro queremos amosar o noso aprecio e amor a aquelas persoas, que moitas veces pasan desapercibidas, pero que son parte das nosas familias; a María que madruga tódolos días para ter a mellor froita; a Antón, que nos aconsella sempre eses libros que tanto nos gustan; á ferretería de Anxo, na que atopamos eses catro parafusos que tanto nos constaría atopar noutros sitios; a Ramón, que durante a pandemia nos vendía ese medio metro de goma e catro filtros para facer as nosas propias máscaras.

Crisálida é a homenaxe ás pequenas historias que constrúen a nosa cidade.



SINGULARIDADE DO PROXECTO

Galicia ten xa unha longa traxectoria no teatro de máscaras grazas a persoas como o ourensán Paco González, un dos promotores de Familie Flöz. Espectáculos como Pavillón Lino, ou Ela de Caramuxo teatro; Patapatum, de Elefante Elegante; Moby Dick de Berrobamban, Velliñas de Butaca Zero ou Lázaro de Tormes de Pedras de cartón, afondaron nunha linguaxe da máscara galega, dando a posibilidade ao público de poder gozar de outras formas de contar historias. Crisálida que dar un paso mais neste histórico da máscara en Galicia, cunha proposta dun formato máis grande, tanto a nivel escénico como en número de personaxes, e contando para isto cunha das directoras de escena máis prestixiosas a nivel nacional, Olga Margallo.



Parécenos moi importante ofertar ao público máis novo diferentes formas de linguaxes, espectáculos de texto, sen texto, con máscara, de danza... Educar nesa diversidade de estilos enriquecerá sen dúbida o crecemento dos cativos.

Unha das cousas que máis nos asombra cando representamos un espectáculo sen texto é ver o ven que conecta cos rapaces, como se asombran de entender o que pasa na escena, como se crea un clima máxico de atención e, nas funcións escolares, podemos comprobar como a falta de texto é un recurso magnífico para traballar na aula a través dunha unidade didáctica.

Crisálida pretende ser un espectáculo que chegue a moi diferentes lugares.

A posible adaptación do espazo escénico, a teatros máis grandes e casas da cultura máis pequenas, permitirá realizar unha longa xira, que acompañada da celebración dos 20 anos da compañía dará unha maior visibilidade da proposta a nivel nacional.

A falta de texto permitirá tamén entrar máis facilmente en comunidades como Cataluña ou Eukadi, onde se non se traduce ao Catalán ou ao Euskera é moi difícil acceder a campañas para público familiar.

Crisálida nace tamén no momento no que a Mercería La Crisálida da Coruña cumpre 80 anos, algo que nos acompañará neste proceso.

Contar para esta tarefa cunha directora como Olga Margallo, e con Antonio Muñoz de Mesa como axudante de dirección é para nós un tremendo agasallo.

Olga é a directora de grandes espectáculos da historia do teatro para a infancia e a xuventude a nivel nacional, dirixindo para os espazos máis importantes do estado: Centro Dramático Nacional, Teatro Español, Compañía Nacional de Teatro clásico, Naves del Matadero, Teatro Circo Price... Gañadora da Medalla de Ouro ao Mérito da Belas Artes, do Premio Goya a mellor curta, do Premio Fetén a mellor dirección e de varios premios Max.

A presenza de Olga Margallo na creación do espectáculo vai axudar a impulsar a carreira do espectáculo a nivel nacional.




OBXECTIVOS DO ESPECTÁCULO

- Celebrar os 20 anos de Caramuxo teatro e os 80 anos da Crisálida.
- Concienciar da importancia de coidar o comercio local e de proximidade, como fonte de riqueza e canle para humanizar as rúas da nosa cidade.
- Celebrar a existencia das persoas que dan vida aos nosos barrios e contar esas pequenas historias que as veces nos parecen menos importantes pero que son o noso día a día, e sostén das relacións entre iguais.
- Impulsar neste 20 aniversario a imaxe da compañía e a súa proxección a nivel nacional.
- Realizar un espectáculo de maior formato, con moitas personaxes e máis riqueza de matices, que de a posibilidade ao público familiar de achegarse a outro tipo de historias e linguaxes.
- Establecer traballos de produción cuns tempos máis longos e repousados.
- Comezar a traballar con directoras/es de prestixio que axuden a posicionar a compañía.
- Crear contidos que acompañen á proposta escénica e a complementen.
- Apostar por creadores/as que permitan un traballo de gran calidade tanto actoral como no estético e musical.
- Traballar para ampliar a oferta a escolares, desaparecida por causas da Covid.
- Crear espectáculos que devolvan á comunidade o que nos aporta vía axudas, ofrecendo á cidadanía a nosa visión do mundo.
- Conseguir concentrar as xiras para tentar ser máis sostibles e empregar mellor os recursos.
- Traballar para implicar á empresa privada na produción de propostas teatrais, vía patrocinios.



Hoxe, por desgraza, quedan moi poucos comercios tradicionais na Coruña, esta quere ser a nosa humilde homenaxe a tódolos comerciantes que día a día loitan por dar vida ás nosas cidades, e por aquelas persoas que, como Ramón, son a nova alma da Crisálida.





IMAGES DO ESPECTÁCULO



113
114
115
116
117
118
119
120
121
122
123
124
125
126
127
128
129
130
131
132
133
134
135
136
137
138
139
140
141
142
143
144
145
146
147
148
149
150
151
152
153
154
155
156
157
158
159
160



176
177
178
179
180
181
182
183
184
185
186
187
188
189
190
191
192
193
194
195
196
197
198
199
200







113
114
115
116



117
118
119
120
121
122
123
124
125
126
127
128
129
130
131
132
133
134
135
136
137
138
139
140
141
142
143
144
145
146
147
148
149
150
151
152
153
154
155
156
157
158
159
160



191
192
193
194
195
196
197
198
199
200